

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas definitivas para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2022-2023 correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario, de profesores de escolas oficiais de idiomas e de profesores de artes plásticas e deseño.

Pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, déuselle publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (Diario Oficial de Galicia n.º 131, do 11 de xullo de 2017), que, no seu apartado segundo, establece a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 28 de xaneiro de 2022 (DOG, n.º 20, do 31 de xaneiro), procede actualizar as listas de interinidades e substitucións correspondentes ás especialidades convocadas, nos termos que establece a base vixésimo sexta da citada convocatoria.

Con base no que establece o punto segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 e a base vixésimo quinta da citada Orde do 28 de xaneiro de 2022,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar e facer públicas, no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal/substitutoslistas, as listas definitivas, para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2022-2023 correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas e de profesores de artes plásticas e deseño, convocados pola Orde do 28 de xaneiro de 2022, das persoas con dereito a incorporación ás correspondentes listas. Xunto coas listas ordenadas das novas incorporacións publicaranse, para os meros efectos informativos, as listas completas por especialidade.

Segundo. Aprobar e facer públicas, no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal, as relacións definitivas de persoas excluídas das listas correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario (Anexo I), profesores de escolas oficiais de idiomas (Anexo II) e de profesores de artes plásticas e deseño (Anexo III), polas causas que en cada caso se indica.

Terceiro. Coa aprobación e publicación das listas definitivas de persoas admitidas e da relación definitiva de persoas excluídas enténdense resoltas as reclamacións e alegacións formuladas contra as listas provisionais e contra relación provisional de persoas excluídas.

Cuarto. Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), un recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <https://www.edu.xunta.gal>, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Centros e Recursos Humanos
Jesús Manuel Álvarez Bértolo

